
O teatro como ferramenta CLIL



Xornadas de Boas Prácticas

CFR A Coruña. Maio de 2018

CPI P. CABO DA AREA (LAXE)

Sandra Villar Giner

M. Asunción del Valle Cortiñas

Quen somos e de onde vimos?

CPI P. Cabo da Area (Laxe)



Seccións bilingües (2007-2015)

Centro Plurilingüe desde o curso
2015-2016 Secundaria

Centro Plurilingüe desde o 2017-2018
en Primaria

Nova materia de libre configuración:

Por que Drama?


Poderíamos enumerar múltiples razóns polas que estudar Drama. Estas son as que nos pareceron máis interesantes como materia CLIL:

- Romper o xeo e crear vínculos de grupo
- Perder a vergonza a falar noutra lingua mediante a representación
- Traballar diferentes unidades de lingua de xeito contextualizado
- Aprender a escoitar e comunicar efectivamente
- Traballar a pronuncia e a entoación
- Traballar de modo integrado todas as competencias claves e os temas transversais
- Etc.

Partimos da NADA

NON

- Programación
- Materiais
- Recursos
- Aula



SOS

Dentro da nada, pequenas-grandes axudas

SI

- ❖ Apoio total do equipo directivo
- ❖ Metodoloxía CLIL
 - Traballo por proxectos
 - Traballo colaborativo e cooperativo
- ❖ Auxiliar de conversa
- ❖ Reunión semanal de profesorado bilingüe
- ❖ Programa PIALE



Xa temos materia. E agora que?

Unha vez que decidimos ofertar Drama, o primeiro que debimos solucionar foi a falta dun temario.

Buscamos información e modelos, mais ningún coincidía coas nosas necesidades: unha materia de teatro, en lingua estranxeira cunha soa hora semanal. Finalmente optamos por adaptalos e cinguirnos a unha estrutura básica e evolutiva en tres bloques, un para cada avaliación:

Expresión facial e corporal

Lectura Dramatizada

Montaxe dunha obra teatral

PROGRAMACIÓN

Segundo problema: Falta de formación específica

As profesoras asistimos a cursos diversos para desenvolver mellor o noso traballo:

- ❖ Cursos **“Dramatising English”** do Trinity College para profesorado da Xunta, impartidos por John Harrop.
- ❖ **Curso de creación dramática** organizado por Implicadas no Desenvolvemento e impartido por Rubén Ruibal.
- ❖ **Programa PIALE**, onde visitamos, entre outras, as aulas de Drama e os escenarios en que nos inspiramos para montar a nosa aula e puidemos adquirir algúns libros de texto.

....

Terceiro problema: Non é fácil atopar material

É difícil atopar material en inglés coas particularidades da nosa materia:

- O material para nativos **non se adapta ao nivel**.
- O material de Drama para estudantes de inglés é
- **moi escaso** e difícil de atopar.

Polo tanto,

- **Traducimos e adaptamos** a maioría do material.
- **Escribimos** as nosas propias pezas dramáticas.
- **Montamos** os nosos propios decorados e creamos
- os vestiarios e maquillaxes.




Diseños de vestuario e atrezzo

TINMAN



GREEN GIANT HEAD OF OZ



THE WONDERFUL WIZARD OF OZ

ONE ACT PLAY BASED IN THE NOVEL BY L. FRANK BAUM
CPI CABO DA AREA 2016 (1º ESO A)

FIRST FRAME

SCENE 1

In the background there is a farm in a snowy landscape, surrounded by fields of cereal and crossed by the rainbow. In the foreground, a girl with braids is wearing a blue dress and is playing happily with her dog. They go into the house and disappear from the scene.

SCENE 2

Suddenly, a tornado (represented by a group of students) destroys the house, spinning in the air and placing it on the other side of the rainbow. Under the house, two legs with red slippers can be seen. When the twister stops, the girl and the dog go to the front door, facing the sides with an expression of fear and caution, and, surprisingly, they find some old dwarfs.

SCENE 3

MUNCHKINS: - Hurray! Bravo! Dorothy has killed a bad witch!

DOROTHY: - You must be confused, I haven't killed anybody.

Adaptación de textos

Cuarto problema: Non tiñamos un lugar adecuado para as clases

Despois de visitar o centro Cairine Wilson de Ottawa, volvimos coa idea clara de montar unha aula específica de Drama no centro. Algúns cartos do centro, o traballo do alumnado, a axuda das familias e unha partida orzamentaria por participar no proxecto europeo ATS2020 permitiunos dotar a aula dun telón, un set de luces, unha pantalla para proxectar e un Croma.





Curso 2015-16: Os alicerces

Neste curso pilotamos o temario e comezamos o acopio de materiais de traballo no noso curso de Moodle da Aula Virtual do centro:

AULA VIRTUAL

Creamos o material para a parte de mímica e sons:

PANTOMIME

E adaptamos o texto dramático das obras que representamos a partir de obras literarias previamente adaptadas ao nivel de lingua: *The Wizard of Oz* e *Robin Hood*.

Este ano escolar houbo dous grupos de primeiro de ESO e a materia contou cunha hora semanal e algunhas horas de titorías nas que se montaron os vestiarios e decorados.

Dúas profesoras:

Mariluz Noya

Sandra Villar

Dúas obras:

- ***Robin Hood*** (Adaptación de reader en viñetas)
- ***The Wizard of Oz*** (Adaptación dun conto ilustrado en galego)



The Wizard of Oz







1st Frame, Scenes 1-3: Arrival at Emerald City



<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/aulavirtual2/mod/resource/view.php?id=915>

7th Frame, Scenes 2-3: The Witch's Song



<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/aulavirtual2/mod/resource/view.php?id=910>

Robin Hood







Curso 2016-2017: a consolidación

Neste curso perfeccionamos o temario a partir da experiencia do ano previo e continuamos ampliando os recursos da aula virtual.

Houbo unha única clase de primeiro de ESO e a profesora, que nese curso asistiu a un taller de creación dramática, decidiu crear unha obra adaptada ao espazo, ao número de actores e actrices e ao nivel de lingua do alumnado e así naceu

Bus Stop Blues

Bus Stop Blues



Curso 2017-2018: a aula de Drama

Este terceiro curso volve haber un único primeiro e a principal novidade é a creación dunha aula específica de Drama.

Como innovación no referente á obra, "***Animal factor***", este ano o alumnado fixo aportacións para a creación do texto dramático, que se inspira nunha das lecturas de inglés: *Animals in danger*.

Na primeira e segunda avaliacións comezamos, como sempre con relaxación, mímica, despois sons e onomatopeas, dobraxe de películas mudas, traballo coa voz, pronuncia con trabalinguas e lectura dramatizada.

Nesta, abordaremos o ensaio do texto, a construción dos personaxes e a creación dos decorados, do vestiario e das personaxes.



Animal Factor



Moitas Grazas

M^a Asunción del Valle Cortiñas

del.valle@edu.xunta.es

Sandra Villar Giner

villarginer@edu.xunta.es

CPI Plurilingüe Cabo da Area

cpi.cabo.area@edu.xunta.es

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/>